

MATERIA

Inglés: A Diversidade Cultural e as súas Manifestacións

unidade  
didáctica  
**3**

TITULACIÓN

Grao en Mestre/a de Educación Primaria

Ciencias Sociais e Xurídicas

# Diversidade cultural na narrativa breve escocesa contemporánea: os relatos de Jackie Kay


Elena Guerreira Labrador

Área de Filoloxía Inglesa

Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá

Facultade de Filoloxía e Facultade de Ciencias da Educación

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2022

**Deseño e maquetación**

J. M. Gairí

**Edita**

Edicións USC

[usc.gal/publicacions](http://usc.gal/publicacions)

**ISBN**

978-84-19679-07-9

**DOI**

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419679079>

**MATERIA:** Inglés: A Diversidade Cultural e as súas Manifestacións

**TITULACIÓN:** Grao en Mestre/a de Educación Primaria

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

**Unidade I. Concepto de diversidade cultural. Identidade cultural. A diversidade como riqueza. A diversidade cultural e o MCERL.**

**Unidade II. Principais manifestacións culturais e históricas de Gran Bretaña e Estados Unidos de América así como os vínculos con outros países de fala inglesa.**

**Unidade III. Diversidade cultural na narrativa breve escocesa contemporánea: Os relatos de Jackie Kay**

Diversidade étnica

Diversidade afectivo-sexual

Idade como factor social que inflúe no paso do tempo e no cambio xeracional

Fenómenos migratorios

Análise literaria de relato curto: xénero e elementos narratolóxicos estilísticos.

Exploración e aplicación de diferentes metodoloxías didácticas para a súa posterior utilización na aula de inglés.

**Unidade IV. A diversidade lingüística das comunidades de fala inglesa. O inglés como lingua franca. A lingua inglesa e a súa expansión xeográfica.**

## **ÍNDICE**

---

**PRESENTACIÓN**

**XUSTIFICACIÓN**

**OBXECTIVOS**

**COMPETENCIAS**

**METODOLOXÍA**

Sesión 1

Sesión 2

Sesión 3

Sesión 4

Sesión 5

Sesiós finais adicadas a role-play

**CONTIDOS**

**AVALIACIÓN**

**ANEXOS**

## PRESENTACIÓN

---

A presente unidade didáctica correspóndese co terceiro bloque de contidos do programa docente da materia «Inglés: A Diversidade Cultural e as súas Manifestacións», optativa do cuarto curso do grao en Mestre/a de Educación Primaria (código G3141461B), que pertence á mención en Lingua Estranxeira: Inglés dentro de dito grao, na Universidade de Santiago de Compostela. Impártese no primeiro cuadrimestre, e ten unha carga lectiva de 4,5 créditos ECTS no plan de estudos de grao. Un 50% da materia é de tipo interactivo e o outro 50 % é de carácter expositivo. Cada sesión dura dúas horas, unha delas expositiva e outra interactiva. A programación docente está constituída por catro bloques diferenciados, e o terceiro deles, no que se localiza esta unidade didáctica, recibe o título de «Aspectos socioculturais dos países anglófonos, as súas manifestacións a través dos medios de comunicación, cine, música, literatura». Esta materia pertence á área de coñecemento do Departamento de Filoloxía Inglesa e Alemá.

A temática desta unidade didáctica, titulada *Diversidade cultural na narrativa breve escocesa contemporánea: os relatos de Jackie Kay*, ten que ver coa introdución de certos compoñentes sociais que ilustran a noción de diversidade cultural, como é o caso do fenómeno migratorio, a etnia, o xénero, a orientación sexual, a mestizaxe racial ou a idade, a partir da análise de catro relatos da autora escocesa contemporánea Jackie Kay. A conexión cos conceptos de globalización, hibridación cultural, a libre circulación de persoas ou a perspectiva de xénero é realmente significativa nesta unidade, posto que son temas tratados no desenvolvemento das diferentes sesións.

A temporalización de «Diversidade cultural na narrativa breve escocesa contemporánea: os relatos de Jackie Kay» estrutúrase en sesións interactivas, aínda que en cada una delas se fará unha breve explicación do contido teórico introducido en cada relato, cunha xustificación detallada da autora e o seu contexto dentro da literatura contemporánea como exemplo de diversidade durante a primeira clase, que terá un marcado carácter expositivo.

Os destinatarios deste bloque de contidos son o alumnado do 4º curso do Grao en Mestre/a de Educación Primaria que previamente teñen escollido xa a mención en Lingua Estranxeira: Inglés. Proceden dun ámbito de coñecemento relacionado coa Didáctica Aplicada. Dado que non teñen unha formación filolóxica pero si coñecementos avanzados de lingua inglesa, as sesións serán impartidas seguindo un nivel C1 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, e a docente procurará contextualizar os contidos no ámbito educativo.

## XUSTIFICACIÓN

---

Esta unidade didáctica xurdiu da necesidade de transmitir os valores sociais e culturais que proceden do coñecemento holístico da diversidade en todas as súas vertentes, así como da importancia da sensibilización a partir da exploración de materiais literarios para a aprendizaxe e o ensino de linguas estranxeiras, e en particular do

inglés, no mundo globalizado da sociedade actual. O que se pretende con este bloque temático é proporcionar ao alumnado certas ferramentas axeitadas para a análise literaria e para a interpretación de fenómenos globais que nos afectan como sociedade. Ademais de introducir elementos e nocións literarias, exploraranse outras aportacións vencelladas ao uso do inglés como lingua de comunicación no discurso narrativo, a perspectiva de xénero, o imperialismo e a colonización, os movementos migratorios ou a mestizaxe social, racial e cultural. Esta unidade didáctica pretende pois demostrar ao alumnado unha perspectiva máis crítica e documentada do papel que ten o inglés como exemplo de lingua utilizada en diferentes manifestacións culturais que ilustran o concepto de diversidade ou alteridade, non só partindo de valoracións preconcebidas ou estereotipadas, senón de forma que se teña unha opinión máis razoada en termos socioliterarios do que supón o estudo da cultura anglosaxona no século XXI. Dado que esta materia se imparte no ámbito da educación e a práctica docente, vencellaranse os contidos da unidade a unha aplicación para a futura ensinanza da etapa da Educación Primaria, reflexionando sobre o uso de materiais literarios para o proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.

## OBXECTIVOS

---

Esta materia impártese no Departamento de Filloxía Inglesa e Alemá, na facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela.

Tal como se define na ficha de memoria do Título, algunhas das finalidades deste grao en Mestre/a de Educación Primaria son:

- Expresarse, oralmente e por escrito nunha lingua estranxeira.
- Comprender os principios que contribúen á formación cultural, persoal e social desde as artes.
- Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e da comunicación.
- Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.
- Coñecer o proceso de aprendizaxe da linguaxe escrita e o seu ensino.
- Coñecer o currículo escolar das linguas e a literatura.
- Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos axeitados e promover as competencias correspondentes nos estudantes.

Os obxectivos xerais da materia Inglés: A Diversidade Cultural e as súas Manifestacións son:

- Presentar unha visión xeral dos aspectos máis relevantes da cultura anglófona salientando a importancia do seu estudo dentro do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.
- Aproximar o alumnado aos feitos históricos, económicos e culturais dos países de fala inglesa.
- Sensibilizar o estudante coa cultura anglófona contemporánea. Para iso, estudaranse os aspectos socioculturais máis importantes destas

sociedades coa intención de que adquiran os coñecementos que lles sexan válidos para o seu futuro.

- Coñecer a realidade socio-económica actual do Reino Unido e países anglófonos.
- Fomentar o respecto pola cultura anglófona tratando de promover na aula certa sensibilidade cara a outras culturas, tratando de evitar prexuízos ante sociedades e culturas diversas pouco coñecidas.
- Adquirir coñecementos sobre a sociedade dos países anglófonos a través de aspectos salientables da súa cultura, reflexionar sobre os seus trazos distintivos, respetando os seus costumes.
- Procurar unha aproximación interdisciplinar aos conceptos básicos de cultura, historia, nación e globalización.

Os obxectivos específicos desta unidade en particular teñen que ver cos contidos desenvolvidos nas diferentes sesións. Son os seguintes:

- Ilustrar e familiarizar o alumnado coa manifestación literaria do relato curto escocés contemporáneo, en especial da autora Jackie Kay, como mostra de riqueza e de diversidade cultural para fomentar a necesidade de preservar o patrimonio literario.
- Analizar diferentes temas en relación ao concepto de diversidade cultural, entre eles a etnia, os fenómenos migratorios, o racismo, a perspectiva de género, a sensibilización ante os dereitos LGTBIQ+ ou a idade en diferentes relatos de Jackie Kay como exemplo de produto artístico e literario no Reino Unido.
- Demostrar as particularidades do contexto da realidade escocesa no panorama anglosaxón como exemplo de diversidade.
- Concienciar o alumnado sobre o concepto de imperialismo relacionado co fenómeno da globalización en todas as esferas sociais.
- Traballar a expresión escrita de diferentes tipos de textos creativos e argumentativos utilizando os relatos de Jackie Kay como pretexto.
- Crear un role-play en grupo para contribuír ao desenvolvemento do traballo en equipo sobre relatos de Jackie Kay estudados na aula, adapt

En conclusión, o que se pretende con esta unidade didáctica é realmente introducir ao alumnado á análise literaria do relato curto escocés contemporáneo, exemplificado na figura de Jackie Kay, para ilustrar a diversidade sociocultural no mundo anglófono. O alumnado debe ter en conta os factores sociais e as diferentes variables que afectan á creación e á produción literaria. Introducirase aos estudantes ao nivel C1 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, partindo de que dito nivel C1 é o requirido no programa da mención Lingua Estranxeira: Inglés.

### **COMPETENCIAS**

---

As competencias xerais do grao que se concretizan na materia de *Inglés: A Diversidade Cultural e as súas Manifestacións* son as que se detallan a continuación:

- G1. Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria que teñan relación interdisciplinar, os criterios de avaliación e o conxunto de coñecementos didácticos relacionados cos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos.
- G3. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos de diversos dominios científicos e culturais do currículo escolar.
- G4. Deseñar e regular os espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto dos dereitos humanos que conformen os valores de formación cidadá.
- G11. Coñecer e aplicar na aula tecnoloxías da información e da comunicación. Discernir selectivamente a información audiovisual que contribúa á aprendizaxe, á formación cívica e á riqueza cultural.

As competencias específicas desta materia son:

- Comprender os procesos de aprendizaxe relativos ao período 6-12 no contexto familiar, social e escolar.
- Coñecer as características destes estudantes, así como os elementos distintivos dos seus contextos motivacionais e sociais.
- Expressarse, oralmente e por escrito en lingua estranxeira.
- Desenvolver e avaliar contidos do currículo mediante recursos didácticos axeitados e promover as competencias correspondentes no alumnado.

As competencias desenvolvidas na unidade didáctica aquí presentada, *Diversidade cultural na narrativa breve escocesa contemporánea: os relatos de Jackie Kay*, son:

- Ser capaz de identificar conceptos introdutorios da análise literaria e da narrativa breve.
- Comprender as diferencias sociais e de xénero no Reino Unido a partir da análise dos relatos de Jackie Kay.
- Ser capaz de expresar unha opinión argumentada sobre os diferentes factores sociais que se vexan reflectidos nos relatos analizados en clase, e noutros que se traballarán de forma autónoma en grupo para a tarefa final, tanto por escrito como de forma oral.
- Comprender textos literarios auténticos do nivel C1, en formato escrito, coa debida adaptación en caso de ser necesario, e expresar a opinión propia a partir da súa lectura.

## **METODOLOXÍA**

---

Os contidos desta unidade didáctica desenvolveranse a través de clases interactivas cun compoñente expositivo como introdución a cada sesión, en inglés. Os contidos teóricos serán defendidos coa axuda de medios audiovisuais como as proxeccións de presentacións con diapositivas (utilizando a aplicación Canva), así como co apoio doutros recursos educativos. Asemade, os contidos teóricos estarán dispoñibles



no Campus Virtual. As sesións tendrán unha dinámica de tipo interactivo, motivando a participación do alumnado a través de actividades de expresión en lingua inglesa (nivel C1).

As actividades propostas incúen:

1. Exercicios de comprensión escrita en lingua inglesa, a partir dos textos literarios que serán lidos na aula coa axuda da docente, que guiará o comentario crítico para a participación activa do alumnado.
2. Debates na aula a partir dos contidos desenvolvidos en cada sesión.
3. Elaboración de textos escritos de diferente tipoloxía que utilizarán os relatos literarios como pretexto para traballar destrezas e competencias diversas en formatos heteróxeneos (cartas, textos argumentativos, comentario literario).
4. Actividade final en grupos de catro persoas que consistirá nun role-play dun texto de Jackie Kay que se teña estudado e analizado en clase, sempre coa axuda e a posibilidade de consultar á profesora para a súa elaboración e preparación. Para a tarefa final, haberá que presentar unha pequena planificación didáctica de como se adaptaría un relato de Jackie Kay dos analizados nas sesións previas a unha etapa educativa da Educación Primaria en concreto.
5. Portfolio que inclúa cada unha das tarefas de avaliación continua que realizará o alumnado, para entregar polo Campus Virtual nunha data determinada fixada pola profesora, tras concluír as sesións de análise literaria guiada pola mesma.

### Sesión 1

Durante esta primeira sesión, introducirase a materia e a unidade didáctica. Para ello, a docente contextualizará á autora Jackie Kay dentro do panorama literario actual no Reino Unido, como exemplo de diversidade cultural e dun tipo de manifestación artística en concreto, que é o relato curto. Para a contextualización da autora, utilizarase unha presentación en formato Canva (adxúntanse todas as presentacións utilizadas en anexos).

Nesta sesión inicial, explicarase tamén o modo de avaliación da unidade, así como as tarefas que deberán realizar os estudantes, por grupos e de xeito individual. Tamén se facilitará unha listaxe de relatos que formarán parte da avaliación final, que consistirá nunha presentación colaborativa en grupos de tres persoas para analizar pormenorizadamente o texto ante a clase, e así traballar a expresión oral en público.

### Sesión 2

Esta segunda sesión adicarase á análise literaria do relato «Out of Hand», a partir da reflexión sobre o contexto, o narrador e o focalizador, a simboloxía empregada no conto e a temática explorada pola autora Jackie Kay no mesmo. Os temas tratados

nesta peza son a migración, a colonización, o racismo, o proceso de aprendizaxe da protagonista, as nocións de metrópolis e hexemonía, e a realidade, en contraposición á imaxe ficticia que podemos ter dalgún fenómeno (neste caso do fenómeno migratorio e do Reino Unido como país) antes de enfrontarnos ao mesmo.

### Sesión 3

Esta terceira sesión adicarase á análise literaria do relato «Trout Friday», a partir da reflexión do narrador e o focalizador, a simboloxía do nome da protagonista, o título do conto e a temática ilustrada. Os temas desenvolvidos neste relato son a hibridación e a mestizaxe — así como a fluidez e a liminalidade, a alienación ou separación do individuo da sociedade e a súa conseguinte soidade, e as relacións paterno-filiais desestruturadas.

### Sesión 4

Esta cuarta sesión centrarase na análise doutra composición literaria de Jackie Kay, «Grace and Rose», seguindo a estrutura das anteriores clases: estudaranse, por tanto, elementos como o narrador e o focalizador da historia, o estilo literario, e a temática do conto. Neste relato reflexiónase sobre a noción da nacionalidade escocesa, o matrimonio (como institución, pero tamén no tocante ao matrimonio homosexual), a realidade en contraposición á imaxe que temos dela, e a diversidade de xénero ou afectivo-sexual.

### Sesión 5

A quinta sesión versará sobre a historia «These Are Not My Clothes». A estrutura é a xa detallada anteriormente: análise do narrador e focalizador, e temática. Os temas ilustrados por Jackie Kay neste conto son a idade e o paso do tempo, a alienación, e a relación entre os especialistas da saúde ou cuidadores e os pacientes, no contexto das residencias de anciáns.

### Sesións finais adicadas a role-play

En grupos de catro persoas, o alumnado deberá facer un role-play nas sucesivas sesións. Ao alumnado adxudicaráselle un dos relatos analizados na clase, «Out of Hand», «Trout Friday», «Grace and Rose» ou «These Are Not My Clothes», para adaptalo a unha etapa en concreto da Educación Primaria. O alumnado deberá tamén suxerir preguntas e propoñer tarefas cun fin didáctico como «food for thought» para os/as compañeiros/as.

## CONTIDOS

---

Os contidos explorados na unidade didáctica, tanto nas sesións presenciais como no traballo autónomo do alumnado, son os seguintes:

1. Diversidade étnica.
2. Diversidade afectivo-sexual.
3. Idade como factor social que infúe no paso do tempo e no cambio xeracional (infancia, xuventude, madurez, senectude).
4. Fenómenos migratorios.
5. Análise literaria de relato curto: xénero e elementos narratolóxicos estilísticos.
6. Exploración e aplicación de diferentes metodoloxías didácticas para a súa posterior utilización na aula de inglés.

Todos estes temas, entre outras cuestións de diversidade sociocultural, son exploradas nos relatos de Jackie Kay como exemplo de narrativa breve contemporánea escocesa, considerando a propia Escocia como unha nación que caracteriza a heteroxeneidade do Reino Unido como país multicultural que engloba a diferentes nacionalidades.

O formato literario do relato curto é extremadamente interesante pola súa capacidade estilística para a reflexión das minorías e as identidades liminais, exploradas nas sesións desenvolvidas pola docente de xeito transversal.

## AVALIACIÓN

---

A avaliación formativa levarase a cabo a través da expresión escrita con tarefas que se suxiren ao final de cada sesión introducida pola profesora. As catro tarefas escritas correspondentes aos relatos analizados pola docente en clase agruparanse nun portfolio final de xeito individual. As tarefas son as seguintes:

1. Escribir unha composición escrita sobre un dos temas desenvolvidos no relato «Out of Hand», utilizando exemplos específicos do texto e partindo dunha tese sólida que aparecerá na introdución da redacción.
2. Imaxinar que o alumno/a é a protagonista da historia «Trout Friday», Melanie, e escribir unha carta ao seu pai, inspirada nos feitos narrados no conto.
3. Escribir unha carta a unha autoridade do goberno dun país que non apoie os dereitos LGTBIQ+ (por exemplo, un país no que se acabe de aprobar legalmente a homosexualidade), e argumentar por que é importante a inclusión social das minorías e as diversidades afectivo-sexuais a partir dos temas e ideas explorados no relato «Grace and Rose».
4. Redactar un texto argumentativo, utilizando exemplos e citas do relato «These Are Not My Clothes», que constituía unha crítica ao tratamento recibido polas persoas da terceira idade nas residencias de anciáns. Este portfolio suporá un 50 % da avaliación da unidade didáctica.

A avaliación final consistirá na elaboración dunha proposta didáctica seguindo a estrutura dunha programación na que se adapte un texto dos analizados en clase por grupos de catro persoas a unha etapa educativa en concreto da Educación Primaria. O alumnado ten que defender a proposta en clase nun role-play de quince minutos que se gravará en vídeo. Esta actividade suporá o 50 % da unidade didáctica.

## ANEXOS


Presentación introductoria: [https://www.canva.com/design/DAFMVB7FrRs/VXa8Vqu9Jbswq0oCt3l-WA/view?utm\\_content=DAFMVB7FrRs&utm\\_campaign=designshare&utm\\_medium=link&utm\\_source=homepage\\_design\\_menu](https://www.canva.com/design/DAFMVB7FrRs/VXa8Vqu9Jbswq0oCt3l-WA/view?utm_content=DAFMVB7FrRs&utm_campaign=designshare&utm_medium=link&utm_source=homepage_design_menu)



Presentación «Out of Hand»: [https://www.canva.com/design/DAFM2nAukBs/SCWSIIWyUTEgCTaE14o8ow/view?utm\\_content=DAFM2nAukBs&utm\\_campaign=designshare&utm\\_medium=link&utm\\_source=homepage\\_design\\_menu](https://www.canva.com/design/DAFM2nAukBs/SCWSIIWyUTEgCTaE14o8ow/view?utm_content=DAFM2nAukBs&utm_campaign=designshare&utm_medium=link&utm_source=homepage_design_menu)



Presentación «Trout Friday»: [https://www.canva.com/design/DAFM4xGU\\_lo/pmwB3TKwjAY8hBkDCjKFHA/view?utm\\_content=DAFM4xGU\\_lo&utm\\_campaign=designshare&utm\\_medium=link&utm\\_source=homepage\\_design\\_menu](https://www.canva.com/design/DAFM4xGU_lo/pmwB3TKwjAY8hBkDCjKFHA/view?utm_content=DAFM4xGU_lo&utm_campaign=designshare&utm_medium=link&utm_source=homepage_design_menu)



Presentación «Grace and Rose»: [https://www.canva.com/design/DAFM4\\_t4voM/mbpZ-qw1gnzWMnJjKRmgzw/view?utm\\_content=DAFM4\\_t4voM&utm\\_campaign=designshare&utm\\_medium=link&utm\\_source=homepage\\_design\\_menu](https://www.canva.com/design/DAFM4_t4voM/mbpZ-qw1gnzWMnJjKRmgzw/view?utm_content=DAFM4_t4voM&utm_campaign=designshare&utm_medium=link&utm_source=homepage_design_menu)



Presentación «These Are Not My Clothes»: [https://www.canva.com/design/DAFM5KOcz4Q/iU7mdQb0WtCSnnhpJkbn3Q/view?utm\\_content=DAFM5KOcz4Q&utm\\_campaign=designshare&utm\\_medium=link&utm\\_source=homepage\\_design\\_menu](https://www.canva.com/design/DAFM5KOcz4Q/iU7mdQb0WtCSnnhpJkbn3Q/view?utm_content=DAFM5KOcz4Q&utm_campaign=designshare&utm_medium=link&utm_source=homepage_design_menu)



*These Are  
Not My  
Clothes*

**USC**  
UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

**JACKIE  
KAY**

Prof. Elena Guerreira Labrador  
*Inglés: Diversidad Cultural y sus Manifestaciones*  
Grado en Maestro/a de Educación Primaria  
Curso 2022-2023, 1er cuatrimestre



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA